

## MOI IMPORTANTE !!!!!

- Todo o alumnado do centro traerá o primeiro día de curso tres mascarillas desbotables de reposto nun sobre de papel co seu nome, que gardará a súa titora para propocionarlla se perde ou rompe a que trae posta.
- NON traer todos os libros o primeiro día de clase.  
Dado que os pais non poderán entrar para axudar aos nenos, debemos evitar que carguen con demasiado peso. Poden traer un cada día (da igual a materia) entre os días 10 e 17 de setembro.

### **O horario de Secretaría é de 09:20 a 10:00.**

(Non se atenderá ningunha xestión até que o alumnado de ED. Infantil estea na planta superior).

Dentro deste horario serán atendidas todas as xestións posibles de unha en unha por orden de chegada, debendo gardar a fila respectando as distancias indicadas no chan, e por suposto é obrigatorio o uso da mascarilla.

**Sempre que sexa posible, as consultas faranse  
vía correo electrónico:**

[ceip.sobreira.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.sobreira.valadares@edu.xunta.es)

**ou no teléfono: 986 46 81 89**

## CEIP SOBREIRA – VALADARES

### NORMAS ADAPTADAS Á SITUACIÓN COVID-19 PARA O CURSO 2021-2022



## ENTRADAS

(ábreanse as portas ás 09:00h)

### Alumnado de Ed. Infantil

Según vaian chegando, formarán as filas no porche cuberto da entrada principal coas mestras de garda. Para evitar aglomeracións, só se permitirá que quede un responsable co neno no caso do alumnado de 4º de Ed. Infantil (3 anos), os demais deberán deixar aos pequenos e saír do recinto. Os nenos levarán posta a mascarilla e non a quitarán até entrar nas aulas.



### Alumnado de Ed. Primaria

**Haberá mestras na entrada para dar a benvinda ao alumnado novo e acompañalo ás filas.**

Según vaian entrando formarán as filas no patio cuberto traseiro coas mestras de garda e alí deberán permanecer até as 09:15. Non poderán xogar no patio e non está permitida a entrada dos pais ao recinto.



## SAÍDAS

(ábreanse as portas ás 14:00 h)

### Alumnado de Ed. Infantil

Cada titora entregará aos nenos do seu grupo pola porta dianteira da dereita de maneira escalonada:

- 14:00 alumnado de 4º de Infantil
- 14:05 alumnado de 5º de Infantil
- 14:10 alumnado de 6º de Infantil

O alumnado transportado agardará á chegada das monitoras dos autobuses no corredor interior da entrada, e sairán polas portas de atrás para acceder aos autobuses.

### Alumnado de Ed. Primaria

Para evitar que na saída coincidan os alumnos de Infantil e Primaria na porta principal, a saída organizarase da seguinte maneira:

cada grupo sairá acompañado polo seu mestre e formará as filas no patio cuberto traseiro. Unha vez que os tres autobuses saian do centro co alumnado transportado, permitirase a entrada dos responsables dos nenos ao patio (só un por neno) para recollelos.

Aínda que estaremos ao aire libre, é importante que cada un trate de manter a distancia de seguridade tanto na baixada como na subida que da acceso ao patio.

**Pregamos evitar pararse a falar con outros pais ou coas mestras dentro do recinto escolar, xa que non se deben formar aglomeracións. O tránsito de persoas debe ser fluído.**

**No caso de necesitar falar coa mestra deberá facerse vía axenda, correo electrónico, mensaxería Abalar, ou calquera outro medio de comunicación que a mestra facilite.**